



Concello de Vigo

Contratación

CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE PAVIMENTOS DEPORTIVOS ELÁSTICOS NA PISTA VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS E NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS

1.- Entidade adxudicadora: a) **Organismo:** Concello de Vigo; b) **Dependencia que tramita o expediente:** Deportes. c) **Obtención de documentación e información:** servizo de Contratación do concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO, teléfono (986) 810148, Fax: (986) 226206. **Correo electrónico:** contratacion@vigo.org **Dirección de Internet do perfil do contratante:** www.vigo.org. **Data límite para solicitar documentación:** ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións; d) **Número de expediente:** 15265-333.

2.- Obxecto do Contrato: a) **Tipo:** Obras; b) **Descrición:** a execución das obras dos seguintes proxectos: "Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas"; "Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis" . c) **División por lotes e número de lotes:** Sí, 2. d) **Lugar de execución:** Concello de Vigo. e) **Prazo de execución:** 3 meses. (ambos os dous lotes)

3.- Tramitación e procedemento: a) **Tramitación:** Ordinaria; b) **Procedemento:** Aberto. c) **Criterios de adxudicación:** Os indicados no apartado 8 da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

4.- Presuposto base de licitación: a) **Importe total:** 219.999,99 euros. (I.V.E. engadido). b) **Dotación por lotes:**

- Lote 1 "Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas" (107.278,25 euros)
- Lote 2 "Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis" (112.721,74 euros)

5.- Garantías esixidas. Provisional: non se esixe. **Definitiva:** 5% do importe do contrato excluído o IVE. **Complementaria:** a) por un importe do 5% do importe de adxudicación do contrato, no suposto de que a oferta adxudicada se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración. b) cando o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario sexa superior a media dos ofertados polos licitadores admitidos, segundo se estipula no apartado 10.B das FEC.





Concello de Vigo

Contratación

6.- Requisitos específicos do contratista: a) Solvencia económica e financeira: Acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato.
- Posuír a seguinte clasificación: Lote 1: grupo C, subgrupo 6, categoría 1; Lote 2: grupo C, subgrupo 6, categoría 1; Lotes 1 e 2 - grupo C, subgrupo 6, categoría 2.

b) solvencia técnica e profesional: Acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares ós do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos. Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares ós do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ó valor estimado do mesmo.
- Posuír a seguinte clasificación: Lote 1: grupo C, subgrupo 6, categoría 1; Lote 2: grupo C, subgrupo 6, categoría 1; Lotes 1 e 2 - grupo C, subgrupo 6, categoría 2.

7.-Presentación de ofertas: a) Data límite de presentación: o prazo rematará ós 26 días seguintes ó de publicación do presente anuncio no BOP e no DOG; b)Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n, 36202 VIGO; c)Admisión de melloras: non; d) Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

8.- Apertura de Ofertas: a)Dirección: Casa do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO. b) data e hora. Anunciarase no perfil do contratante do concello de Vigo (www.vigo.org).

9.- Gastos de Publicidade: Pagaraos o adxudicatario ata a cantidade de 1.500 euros. BBR/gr

Vigo, 17 de outubro de 2016
O concelleiro delegado de Contratación
P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

